



Concello da Laracha
 Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña
 Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331
 Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413
 C.I.F. P-1504200-E
www.alaracha.es

1/20

JUAN CARLOS ANTELO MARTÍNEZ, SECRETARIO ACCIDENTAL DO CONCELLO DA LARACHA.-

CERTIFICO.- Que a Xunta de Goberno Local da Corporación, en sesión extraordinaria de data dez de marzo do ano dous mil dazasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“8.- ACEPTACIÓN DA CESIÓN DA COFRARÍA DE PESCADORES DE CAIÓN AO CONCELLO DA LARACHA DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 1865905NH3916N0000SJ.SI SITUADA NO CAMPO DA ÍNSUA DE CAIÓN.-

O secretario da conta do presente expediente no que consta:

Por Resolución da alcaldía 138/2017 de 27 de febreiro de 2017 se solicita subvención ao abeiro da “Orde do 24 de maio de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020”, (publicadas no DOG nº 109 do 9 de xuño de 2016), para a construción dun centro comunitario en Caión que se proxecta emprazar, entre outras, na parcela obxecto da presente cesión. O artigo 19.6 e) das citadas bases esixen elevar a escritura pública a cesión da parcela.



Con data 3 de marzo de 2017 (registro nº 1039) ten entrada neste Concello escrito da Confraría de Pescadores de Caión no que se certifica que na xuntanza celebrada o propio día 3 de marzo de 2017 pola súa Xunta Xeral acordouse por unanimidade a cesión ao Concello da Laracha da parcela edificable (de referencia catastral 1865905NH3916N0000SJ) de equipamento administrativo SLEad (Pv), de forma rectangular e superficie douscentos dez metros cadrados.- Linda, vista dende a reserva vial SGV; Frente, con dito vial; dereita, equipamento sanitario SGEsa (pb), esquerda e espalda, espazo libre en parte vinculado a rede viaria SLEL(Pb)-A.- según consta en copia de escritura de aprobación e protocolización de proxecto de equidistribución do polígono do área de reparto nº AR-C1 “Camp



1, 2016



Caión" do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, do sete de marzo de dous mil sete polo notario de Carballo Don Carlos Mosquera Delgado, número 360 do seu protocolo. A cesión da parcela ten por finalidade que o Concello da Laracha poida contar cun equipamento dun centro comunitario para o núcleo urbano de Caión, garantizándose a Confraría de Pescadores de Caión o dereito de uso dun espazo de reunión e de uso administrativo cuxos gastos de mantemento serían de cargo do Concello. A cesión da parcela estará condicionada a que o Concello leve a cabo a execución do dito centro comunitario no prazo de dez anos. Asemade se autoriza ao presidente de la Confraría de Pescadores de Caión D. José-Héctor Morgade Carracedo para outorgar a escritura pública de cesión da citada parcela.

Segundo o artigo 12 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL):

1. *La adquisición de bienes a título gratuito no estará sujeta a restricción alguna.*

2. *No obstante, si la adquisición llevare aneja alguna condición o modalidad onerosa, sólo podrán aceptarse los bienes previo expediente en el que se acredite que el valor del gravamen impuesto no excede del valor de lo que se adquiere.*

Para comprobar o valor do gravame imposto se solicita informe dos servizos técnicos municipais. Con data 6 de marzo de 2017 a arquitecta técnica municipal emite informe no que conclúe que " a condición imposta á doazón pola confraría non supón un gravame superior ao valor da parcela que se adquiere, segundo o disposto no artigo 12.2 do RBEL" xa que o valor da parcela cedida é de 130.594,80 euros (segundo a escritura de aprobación e protocolización de proxecto de equidistribución do polígono do área de reparto nº AR-C1 "Campo da Insua-Caión") e a valoración do gravame imposto ascende a 77.508,90 euros.

Por outra banda a Disposición Adicional 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP) establece que:

